



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Bergondo pola igualdade

ACTIVIDADE

Rodando pola igualdade. Certame TikTok 2023

Obxectivo:

- Fomentar as actividades de educación non formal dirixidas á mocidade e a participación xuvenil no ámbito local.

Destinatarios: idades de 12 a 30 anos.

“Master Class”. Contidos: creación de curtametraxe, guión, produción, imaxe e edición.

Inscrición na “Master Class”, no correo electrónico da Asociación Move-T asociacionmovet@gmail.com

Calendario da “Master Class”:

- Venres 24 de febreiro: 17 h – 20 h.
- Sábado 25 de febreiro: 10 h – 14 h.

(posibilidade dunha segunda quenda en función do número de inscritos, para os días 3 e 4 de marzo de 2023)

Prezo: actividade gratuíta.

BASES DA ACTIVIDADE

Inscrición e bases, Bergondo pola igualdade - Certame TikTok 2023

A inscrición será a través do **enlace web** co seu **formulario de inscrición** e implica a aceptación das seguintes bases:

<https://docs.google.com/forms/u/2/d/e/1FAIpQLSc1-15TMSpTQj3NMrDvcRn-qyKWiEulFKGKwdOfiCdh-IUWaIw/viewform> (preme aquí)

- **Obxecto:** O obxecto da convocatoria é o estímulo entre a cidadanía da reflexión e a capacidade creativa en materia de igualdade de xénero, para a celebración do 8 de marzo, Día Internacional da Muller. Para iso concederanse dous premios a dúas obras audiovisuais realizadas a través da aplicación TikTok sobre a temática anteriormente sinalada. Estas serán elixidas por un xurado entre todas as propostas que cumpran os requisitos de inscrición e recibidas dentro do prazo marcado. A obra que consiga o primeiro premio competirá polos galardóns nacionais do certame.

- **Temática:** Todo o que concerna á loita pola igualdade de xénero (igualdade no deporte, en oportunidades laborais, en tarefas domésticas, denuncia de relacións tóxicas, oposición ao machismo, empoderamento, detección de micromachismos, loita contra a violencia de xénero...)

- Poderán participar todas aquelas persoas que residan, traballen, estuden ou nacesen en Bergondo.

- A data límites para presentar obras será o **13 de marzo (inclusive)**.

- A duración máxima das obras será de 1 minuto.

- Cada autor/a poderá presentar tantas obras como desexe.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

- O vídeo ha de incluír os hashtags

#Bergondopolaigualdade

#Bergondoporlaigualdade

#rodandoporlaigualdade

- Xurado: Un xurado composto por 3 membros da sociedade de Bergondo e personalidades do sector audiovisual será o encargado de determinar as obras gañadoras (CPI de Cruz do Sar, audiovisual CortoEspaña e Concello de Bergondo).

- Premios: O certame contará cun primeiro premio dotado con 200 euros e un segundo premio dotado con 100 euros. Ademais, a obra gañadora optará, xunto co resto de obras gañadoras dos certames de "Rodando pola igualdade", aos premios nacionais do evento:

1.º premio: 1.000 euros

2.º premio: 500 euros

3.º premio: 400 euros

4.º premio: 300 euros

5.º premio: 200 euros

- Todos os premios estarán suxeitos ás retencións legais segundo dispónse no artigo 101.7 e a Disposición Adicional 31.ª.3.d da Lei 35/2006

- Fallo do xurado local de Bergondo: os traballos gañadores daranse a coñecer o 22 de marzo de 2023.

- Unha mesma persoa non poderá gañar máis dun premio local (si podería gañar un local e un nacional). A organización podería declarar deserto o premio.

- Fallo nacional: as obras gañadoras do certame nacional daranse a coñecer o 30 de marzo de 2023.

- A inscrición será totalmente gratuíta e en liña, e realizarase a través do presente formulario.

- Non serán admitidas obras con linguaxe xenófoba, machista, homófobo, racista, violento ou de incitación ao odio. A organización resérvase o dereito para excluír as obras que incorran en calquera dos puntos expostos anteriormente.

- O evento resérvase o dereito para exhibir os traballos participantes en proxeccións da localidade e a aloxalos electronicamente de forma temporal ou indefinida nalgunha plataforma ou rede social municipal ou de CortoEspaña; así como para utilizalos en materiais promocionais, pola promoción da igualdade ou doutra índole, do Concello ou de CortoEspaña; ou para a propia promoción do certame nacional "Rodando pola igualdade" ou das súas canles de comunicación.

- Cada participante faise responsable de que o contido das súas obras respecta os dereitos de propiedade vixentes, así como que cumpre as disposicións legais expostas no noso código civil e penal. O certame non se fai en ningún caso responsable do contido das obras do concurso.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

- Participación e premio de persoas menores de idade: no caso de que unha persoa menor de idade reciba algún dos premios, deberá achegar para a cobranza do mesmo un xustificante asinado do seu pai, nai ou titor/a legal indicando a súa conformidade coa devandita participación e cobranza do premio.

- Participación de persoas menores de 13 anos: no caso de que a persoa participante sexa menor de 13 anos, o vídeo haberá de ser subido a TikTok a través da conta doutra persoa, de 13 anos ou máis, que consinta o seu concurso (TikTok non permite aos menores de 13 anos ter conta propia). En caso de premio a persoa haberá de presentar igualmente o xustificante mencionado no punto anterior.

- Participación grupal: no caso de que a obra sexa un traballo conxunto de máis dunha persoa (realizado por un grupo, unha clase, etc...) deberá ser presentado por unha única persoa responsable, que para todos os efectos será quen realice a inscrición. Se se desexa, pódese indicar en comentarios deste formulario as especificacións correspondentes sobre quen é todas as persoas creadoras da obra.

- Aceptación das bases: A participación neste concurso a través do seu formulario de inscrición implica a aceptación de todos os apartados das presentes bases, así como a resolución, por parte da organización, de calquera cuestión non prevista nas mesmas.

- Calquera dúbida respecto a estas bases ou as formas de participación no certame pode ser referida a info@cortoespana.es.

- FORMA DE PARTICIPACIÓN -

Para optar aos premios É NECESARIO SEGUIR ESTES DOUS PASOS:

1. Sobe o teu vídeo a Tik Tok cos hashtags

#Bergondopolaigualdade
#Bergondoporlaigualdad e
#rodandoporlaigualdad.

É IMPRESCINDIBLE que a túa conta sexa PÚBLICA (se é privada non poderemos ver o teu vídeo).

2. Encher o formulario de inscrición cos datos obrigatorios máis a ligazón do vídeo.

* A ligazón ha de levar DIRECTAMENTE Ao VÍDEO, non ao perfil. Asegúrate de que o teu perfil NON SEXA PRIVADO; e de que leve os hashtags

#Bergondopolaigualdade
#Bergondoporlaigualdad e
#rodandoporlaigualdad

-Para poder participar é necesario que polo menos cumpras unha destas opcións

Vivo en Bergondo
Traballo en Bergondo
Estudo en Bergondo
Nacín en Bergondo



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Aceptación da política de privacidade

* Política de Privacidade: De acordo coa normativa reguladora de protección de datos (Regulamento (UE) 2016/679 e Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais), infórmase de modo expreso, preciso e inequívoco que os datos persoais que nos/nos facilita na presente solicitude, serán tratados pola produtora CortoEspaña coa finalidade exposta na súa solicitude, podendo ser cedidos a calquera organismo público que o solicite en cumprimento de obrigacións legais, para o que sirva a subscripción da presente solicitude como consentimento expreso. Calquera pesona poderá en calquera momento exercer o dereito de información, retirada de consentimento, acceso, rectificación, cancelación/supresión, oposición, limitación ou portabilidade nos termos establecidos no Regulamento Xeral de Protección de Datos, enviando un correo electrónico a info@cortoespana.es

Acepto a política de privacidade

As persoas ou representantes dos menores que participan na actividade:

- Declaran coñecer e aceptar as bases que rexen esta convocatoria.
- Autorizan unicamente a ceder os datos persoais imprescindíbeis á empresa que desenvolverá a actividade.
- Autorizan a utilizar as imaxes tomadas na actividade, nas cales aparezan individualmente ou en grupo, para a realización de memorias, publicidade, páxina web, medios de comunicación, folletos ou carácter pedagóxico.
- De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, se informa de que os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicase que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación, tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da sede electrónica.

Máis información:

- No correo electrónico educacion@bergondo.gal (preferentemente)
- Na páxina web bergondo.gal (preferentemente)
- No **981 79 12 52 ext.7**

Bergondo, 16 de febreiro de 2023